

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada avaliación virá dada por:

→ O **80%** corresponderá á media aritmética das probas escritas que se realicen, sempre que se obteña unha puntuación mínima de 3. En caso de que nalgunha non se acade esta puntuación considerarase a materia suspensa na avaliación.

→ Un **20%** corresponderá á avaliación das tarefas realizadas (actividades, traballos, caderno, etc)

A nota global resultante de sumar ambas puntuacións e redondearase segundo os criterios xerais para obter a cualificación da avaliación trimestral. A avaliación estará superada cando se obteña unha cualificación mínima de 5.

Para aquel alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 5 nas dúas primeiras avaliacións parciais, realizarase unha proba escrita de recuperación que terá lugar con posterioridade a cada sesión de avaliación. Para a terceira avaliación esta proba realizarase no mes de xuño, despois da 3ª avaliación e antes da avaliación ordinaria.

A cualificación final da avaliación ordinaria de xuño será a media das tres cualificacións parciais obtidas antes de aplicar o redondeo (sempre que a nota de ningunha delas sexa inferior a 3).

A materia considerarase superada cando se obteña unha nota igual ou superior a 5.

O alumnado que non acade a nota mínima de 5 deberá realizar unha proba de recuperación das avaliacións suspensas no mes de xuño, antes da avaliación ordinaria.

No período entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria realizaranse actividades de recuperación, que computarán un 20% da nota final da avaliación para aqueles alumnos que teñan avaliacións suspensas. No mesmo período proporanse actividades complementarias para todo o alumnado.